

ORDENANZAS FISCAIS	
A	Ordenanzas reguladoras de impostos.
A.2	ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ARTIGO 1.-Normativa aplicable.

O imposto sobre actividades económicas rexerese:

- Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen.
- Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas por Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e Real Decreto Legislativo 1259/1991, de 2 de agosto.
- Pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2.- Natureza e feito imponible.

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, no que o feito imponible está constituído polo mero exercicio neste termo municipal de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas do imposto.

Considéranse, ós efectos deste imposto, actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por conseguinte, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito imponible polo imposto ningunha delas.

Considerase que unha actividade exercece con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun de ámbolos dous, con finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

O contido das actividades gravadas está definido nas tarifas do imposto.

O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible en dereito, e, en particular, polos contemplados no artigo 3 do Código de Comercio.

ARTIGO 4.- Beneficios fiscais.

1. Estará exentos do imposto:

- a) Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os seus respectivos Organismos do Estado e as Entidades de Dereito público de semellante carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade, durante os dous primeiros períodos impositivos de este imposto no que se desenrole a mesma. A estes efectos non se considerará iniciado o exercicio da actividade cando a mesma se desenrolase anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá concorre, entre outros supostos, nos casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade. Esta exención só será aplicable ós suxeitos pasivos que inicien a súa actividade a partir do 1 de xaneiro de 2003.
- c) Os seguintes suxeitos pasivos:
 - As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan un importe neto de cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.
 - En canto os contribuíntes do imposto sobre a renda de non residentes, a exención só alcanzará ós que operan en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto de cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros no exercicio anterior.
Os efectos de aplicación da exención prevista neste apartado, teranse en conta as regras que recolle a Lei ó respecto.
 - d) As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
 - e) Os organismos públicos de investigación e os establecementos de ensino en tódolos seus grados custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en tódolos seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estivesen en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen servizos de media pensión ou internado e aínda que por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos obradoiros dedicados ó devandito ensino, sempre que o importe da devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
 - f) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos obradoiros dedicados ós devanditos fins, sempre que o importe da devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
 - g) A Cruz Vermella española.
 - h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de tratados ou convenios internacionais.
 - i) Os suxeitos pasivos a que se refiren as letras a), d), h) e i) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.
2. Os beneficios regulados nas letras b), e) e f) do apartado 1 anterior terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.
3. O Ministerio de Facenda establecerá en que supostos a aplicación da exención prevista na letra c) do apartado 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida á Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que cumpren os requisitos establecidos en dita letra para a aplicación da exención. Dita obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo imposto da renda das persoas físicas.
- Os suxeitos pasivos que aplicaran a exención prevista na letra b) do apartado 1 anterior, presentarán a comunicación, no seu caso, o ano seguinte ó posterior ó de inicio da súa actividade.
- O Ministerio de Facenda establecerá, a estes efectos, o prazo e forma de presentación de dita comunicación, así como os supostos dean que haberá de presentarse por vía telemática.
- As variacións que poidan afectar á exención prevista na letra c) do apartado 1 anterior, estarase ó previsto no artigo 90 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

4.–Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para suxeito pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.22 e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata o 95 por cento pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por cento pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por cento pola creación de ata 10 postos de traballo.

No caso de empresas preexistentes, a bonificación aplicarase sobre o incremento da cota tributaria experimentada como consecuencia da ampliación da actividade.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Dita bonificación aplicarase durante tres exercicios económicos, debendo manterse en todos eles as condicións esixidas que serviron de xustificación para o seu outorgamento.

Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

Requisitos relativos aos traballadores contratados:

f) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

g) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade.

h) Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo dou o seu grupo no termo municipal de Riveira. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.

i) Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo o termo municipal de Riveira.

Tramitación da bonificación. A bonificación haberá de solicitarse no período impositivo seguinte á creación dos postos de traballo computables para os efectos deste beneficio fiscal, unha vez que transcorrese polo menos un ano desde a creación do último posto de traballo computable.

Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

6. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.

7. Copia dos novos contratos formalizados.

8. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada.

9. Última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social antes da creación do primeiro dos postos de traballo computados, consistente ca declaración do punto anterior.

A bonificación terá efectos no período impositivo seguinte ao da solicitude.

Para o desfrute da bonificación en exercicios sucesivos o interesado deberá aportar a seguinte documentación dentro do mes de decembro do primeiro, segundo, e terceiro exercicio:

2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

5. Sen prexuízo do indicado no apartado anterior, as solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais deberanse presentar xunto coa declaración de alta no imposto, na Entidade que leve a cabo a xestión censual, e deberán estar acompañadas da documentación acreditativa. O acordo polo cal se accede á petición fixará o exercicio dende o cal o beneficio fiscal entenderase concedido.

6. As exencións de carácter rogado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos dende o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre que na data do devengo do tributo concorreran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención

ARTIGO 6.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, incluído o elemento de superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local no que se realiza a actividade regulados nesta Ordenanza.

2.- Se as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado modificaran as tarifas do imposto e/ou actualizaran as cotas contidas nas mesmas, as devanditas variacións terán plena vixencia e terán efecto dende a súa entrada en vigor.

ARTIGO 7.- Coeficiente de incremento.

De conformidade co previsto no artigo 86 do R.D.L. 2/2004, sobre as cotas municipais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, segundo o cadro recollido ó efecto no citado artigo.

Os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire o apartado anterior, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase segundo o previsto no artigo 82.1.c) do R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 8.- Índice de situación.

1.- A efectos do previsto no artigo 87 do R.D.L. 2/2004, as vías públicas deste Concello clasifícanse en dúas categorías fiscais:

- Primeira Categoría: Polígono industrial de Xarás
- Segunda Categoría: Resto do Municipio.

2.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86 do R.D.L. 2/2004, e atendendo a categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, establécense os seguintes coeficientes de situación.

Categoría fiscal das vías públicas	1ª	2ª
Coeficiente de situación aplicable	0,9	1,1

ARTIGO 9.- Bonificacións.

1. Sobre a cota do imposto aplicarase en todo caso as seguintes bonificacións:

- b) Unha bonificación do 95 % ás Cooperativas, así como ás Unións, Federacións e Confederacións das mesmas e ás Sociedades Agrarias de Transformación, en virtude do establecido na Lei 20/1990, de 18 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Corporacións.
- c) Unha bonificación do 50 % da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no artigo 82.1.b) do R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 10.- Período impositivo e devengo.

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta, nas que abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irredutibles, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, suposto no que as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para rematar o ano, incluído o de comezo do exercicio da actividade. Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o devandito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se exerceu a actividade.

3.- Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

ARTIGO 11.- Normas de xestión do imposto.

É competencia do Concello, que pode delegar segundo o previsto no artigo 7 do R.D.L. 2/2004, a xestión tributaria deste imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de beneficios fiscais, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos, e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte.

As solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais deben presentarse na administración municipal ou perante a Administración na que este Concello teña delegada a xestión tributaria, debendo ir acompañadas da documentación acreditativa das mesmas. O acordo polo que se acceda á petición solicitada fixará o exercicio dende o cal o beneficio se entende concedido.

Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a notificación expresa ou a exposición pública dos padróns correspondentes.

A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, a Comisión de Goberno pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre con claridade a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

O período de cobro para valores-recibo notificados colectivamente fixarase no calendario anual do contribuínte, a aprobar polo Pleno da Corporación, ou no establecido pola Administración na que o Concello teña delegada a xestión tributaria.

As liquidacións de ingreso directo deberán ser aboadas nos períodos fixados no artigo 20.2.a) e b) do Regulamento Xeral de Recadación, ou no establecido pola Administración na que o Concello teña delegada a xestión tributaria.

Transcorrido o período voluntario de cobranza sen terse efectuado o ingreso, abrírase a vía de constrinximento e aplicarase un recargo do 20 %.

Cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que se notificase o debedor a providencia de prema, o recargo de prema será do 10 % e non se esixirán os intereses de demora.

As cantidades adebedadas devengarán interese de demora dende o día seguinte ó vencemento a débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso, aplicándose o devandito interese sobre a débeda tributaria excluído o recargo de prema.

Normas xerais de aplicación dos elementos tributarios: As oscilacións en máis ou en menos non superiores ó 20 % dos elementos tributarios non alterarán a contía das cotas polas que se veña tributando. Cando as oscilacións de referencia fosen superiores á porcentaxe indicada, as mesmas terán a consideración de variacións a efectos do disposto no parágrafo segundo do artigo 90.2 do R.D.L. 2/2004.

Tratándose do elemento tributario constituído polo número de obreiros, e en relación ás oscilacións en máis do seu número, o límite máximo sinalado no parágrafo primeiro deste apartado 6 auméntase ata o 50 %.

ARTIGO 12.- Comprobación e investigación.

Nos termos en que se dispoña polo Ministerio de Economía e Facenda, o Concello recabará para se, de non existir delegación na mesma Entidade na que o Concello teña delegado a xestión deste imposto conforme ó previsto no artigo 7 do R.D.L. 2/2004, as funcións de inspección do imposto sobre actividades económicas, que comprenderán a comprobación e investigación, a práctica das liquidacións tributarias que no seu caso procedan e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, todo iso referido, exclusivamente, ós supostos de tributación por cota municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

En relación coa xestión, liquidación e recadación do imposto sobre actividades económicas, a competencia para evacuar consultas, resolver reclamacións e impoñer sancións corresponderá á Entidade que exerza ditas funcións, cando foran delegadas polo Concello, de conformidade co establecido nos artigos 7, 12 e 13 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais..

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno do Concello en data 26 de marzo de 2018, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.